



## O DEPORTE FEMININO GALEGO CELEBRA MAÑÁ 9 DE MARZO EN AMES OS SEUS ÉXITOS

❖ **As medallistas olímpicas Támara Echegoyen, Sofía Toro e Begoña Fernández son algunhas das premiadas.**

*A Coruña, 8 de marzo de 2013.* O Deporte Feminino Galego celebrará mañá en Ames os éxitos acadados durante o pasado ano que foron moitos e moi importantes. Así, as medallistas olímpicas galegas Támara Echegoyen, Sofía Toro e Begoña Fernández recibirán o galardón de mellores deportistas galegas 2012 no transcurso da II Gala do Deporte Feminino en Galicia, que Mudegá celebrará mañá 9 de marzo (20:30 horas) na Casa da Cultura de Milladoiro.

Con esta gala, que se celebrará grazas á colaboración do Concello de Ames, Mudegá busca lograr a visibilidade do deporte feminino, un dos obxectivos principais do noso colectivo: Lograr que os éxitos do deporte feminino sexan recoñecidos pola sociedade e para iso é necesario ser visibles nos medios de comunicación. Ademais deste acto, tamén se celebrarán actividades deportivas, organizadas polo Concello de Ames en colaboración con Mudegá, para conmemorar o Día Internacional da Muller.

O pasado ano foi espectacular para o deporte feminino galego tal e como amosan os resultados. Por este motivo, o xurado decidiu que este ano o premio para a mellor deportista da pasada tempada fose triplo, e premiar así ás tres medallistas galegas olímpicas: as regatistas Tamara Echegoyen e Sofía Toro que lograron o ouro e a xogadora de balonmán Begoña Fernández, cun bronce. Ademais, a nadadora María Vilas (campioa de Europa júnior en 800 metros libres, subcampioa de Europa júnior en 400 estilos e bronce europeo en 1.500 libres) logrou o premio a mellor deportista promesa.



O premio ao mellor equipo foi para o Natural Sport de Riveira, de taekwondo, que logrou o subcampionato de Europa de clubs na categoría feminina e tamén se proclamou campión de España. O xurado valorou a traxectoria de Teresa Portela (catro veces olímpica) para outorgarlle o premio á mellor traxectoria; mentres que Dolores Rojas (xuíza de atletismo internacional que participou nos Xogos Olímpicos de Londres) recibiu o premio á mellor árbitra. Rogelio Sabio, do club CRAT Universidade da Coruña e selección galega de rugby, foi elixido mellor adestrador do ano 2012 tras lograr o subcampionato na Liga de División de Honra co seu equipo e o terceiro posto no Campionato de España coa selección galega, mentres que Juan Vázquez, vicepresidente da Federación Galega de Fútbol, foi elixido como mellor directivo polo seu traballo a prol do fútbol feminino.

Mecalia, patrocinador do club Atlético Guardés e da traíña Rías Baixas, é a entidade privada máis colaboradora do deporte feminino, mentres que o Concello do Porriño foi elixido como a mellor entidade pública, pola súa aposta polo deporte feminino.

O premio para o medio de comunicación amigo correspondeulle a “La Voz de Galicia” e o galardón para a mellor iniciativa a prol do deporte feminino recaeu no club de caza “Monteros Galaicos”, que organizou unha montería exclusivamente feminina e xa levan dous anos con esta iniciativa e unha magnífica resposta.

No transcurso da gala, Mudegá tamén realizará unha mención especial para as xogadoras do club Karbo de fútbol da Coruña, que lograron 5 campionatos



estatais e foron a base da primeira selección galega feminina, campioa estatal no primeiro campionato estatal de seleccións territoriais.

Na cerimonia de entrega dos premios, que será dirixida polas xornalistas Silvia Castiñeira e Silvia Vieito, contaremos coa exhibición do Mace Sport de Pontevedra de taekwondo, que recentemente se proclamou campión de España de exhibición infantil.

**Actividades previas.** A programación de actividades comezan ás 17:00 horas cunha exhibición de patinaxe a cargo do alumnado das escolas deportistas de Ames, no pavillón polideportivo de Milladoiro. A continuación, ás 18:00 horas, haberá un partido de fútbol sala entre a selección galega e un combinado de Ames. Por último, ás 19:30 horas, realizarase unha exhibición de boxeo.

Ademais, farase unha recollida de tapóns en favor da asociación **Pequenas Ilusións**. As persoas que acheguen unha bolsa de tapóns recibirá unha rifa para un sorteo de diferentes agasallos. Ao remate das exhibicións, sobre as oito da tarde, realizarase o sorteo dos agasallos ante representantes da asociación, que acudirá a Ames a recoller os tapóns.

Mudegá agradece a colaboración do Concello de Ames e de Bodegas Regina Viarum, porque sen a súa participación sería imposible a celebración deste evento.

*\*A continuación, tedes o listado dos premiados na gala.*



## PREMIOS II GALA DEPORTE FEMININO EN GALICIA

<b>Mellor deportista</b>	Támara Echegoyen	Vela
	Sofía Toro	Vela
	Begoña Fernández	Balonmán
<b>Mellor deportista promesa</b>	María Vilas	Natación
<b>Mellor adestrador</b>	Rogelio Sabio	Rugby
<b>Mellor directivo</b>	Juan Vázquez	Fútbol
<b>Mellor árbitro</b>	Dolores Rojas	Atletismo
<b>Mellor club</b>	Natural Sport	Taekwondo
<b>Mellor traxectoria</b>	Teresa Portela	Piragüismo
<b>Medio de comunicación amigo</b>	Voz de Galicia	
<b>Institución pública amiga</b>	Concello do Porriño	
<b>Institución privada máis colaboradora</b>	Mecalia	
<b>Mellor iniciativa a prol do deporte feminino</b>	Monteros Galaicos	Caza
<b>Mención especial</b>	O Karbo da Coruña	Fútbol